

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 27 DE MAIO DE 2025**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día vinte e sete de maio do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez e D. Raúl Varela Fraguio.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 20 DE MAIO DE 2025**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 20 de maio de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 20 de maio de 2025.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Orde de 19 de maio de 2025, pola que se modifica a Orde de 23 de xaneiro de 2025 pola que se regulan os criterios de reparto e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrència non competitiva e da liña en concorrència competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. DOG número 98, de 23-05-2025.

- Instituto Galego da Vivenda e Solo, Resolución de 20 de maio de 2025, pola que se acorda a inclusión de actuacións de rehabilitación e rexeneración urbana no Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, e se convoca o acceso ao citado fondo para a anualidade 2025 (código de procedemento VI438A). DOG número 98, de 23-05-2025.

### **3.- .PROPOSTAS**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 23 de maio de 2025 (CVD: dZdGLI/hXIR1ThexjY9K), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO**

Visto o expediente de contratación da “Subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), con base no acordo marco formalizado o 16 de outubro de 2024”. Expediente TEDeC núm. 2024/C005/000012.

Visto que o Concello de Cambre se atopa adherido á Central de Contratación da FEMP por Resolución da Alcaldía núm. 1950/2018, do 1 de outubro.

Vista a memoria valorada elaborada polo enxeñeiro técnico industrial interino, de data 8 de maio de 2025 (CVD: DTD5MHgI4R7EARjT1xk5).

Visto que consta no expediente RC multiaplicación, de data 12 de maio de 2025, no concepto económico 221.00 (**subministración de enerxía eléctrica**) con número de operación 220250000734 e referencias da 22025000795 á 22025000800 por importe e saldo de 399.986,35 € correspondente ao orzamento base de licitación de 6 meses, no que consta dilixencia de Intervención que di: “La contabilización del documento RC no implica conformidad con el cálculo del precio del contrato.”

Vista a memoria xustificativa desta Concellería de data 12 de maio de 2025 (CVD: bTckL89Fxmhav0LbQeyd).

Visto o informe de Secretaría de data 22 de maio de 2025 (CVD: 1tWo1RKvO6T35b3kMWGU), no que se informa favorablemente o procedemento para a adxudicación do contrato.

Visto o informe de Intervención de data 23 de maio de 2025 (CVD: NsqUPgqUZlonfqGs2pWU), no que se fiscaliza favorablemente o expediente coas seguintes observacións:

“- **X\*.A:** a existencia de crédito para o gasto correspondente ás mensualidades a imputar ao exercicio 2026 queda condicionado á efectiva consignación orzamentaria.

- **X\*.B:** os informes técnicos que constan no expediente que se somete a fiscalización foron asinados polo enxeñeiro técnico industrial interino nomeado, por exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de nove meses, por resolución número 1494/2024 da concelleira delegada da área de servizos sociais e recursos humanos (CVD: 0xkK8C86ohJHqnQqVgUa)."

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación que consta na plataforma TEdC ao núm. 2024/C005/000012, relativo á subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), con base no acordo marco formalizado o 16 de outubro de 2024, cun valor estimado de 661.134,46 euros, e cun orzamento base de licitación de 661.134,46 euros sen IVE (799.972,70 euros IVE incluído).

**Segundo.-** Aprobar o gasto total por importe de 799.972,70 euros, e autorizar con cargo ás aplicacións 165.22100,160.22100, 323.22100, 342.22100, 241.22100 e 920.22100 do orzamento 2025 o gasto de 399.986,35 euros.

**Terceiro.-** Aprobar que a tramitación, adxudicación, formalización e execución do contrato baseado, se rexerá polos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que rexen o acordo marco e pola normativa aplicable a este tipo de contratos.

**Cuarto.-** Remitir ás 3 empresas adxudicatarias o documento de invitación conforme co modelo normalizado aprobado pola Central de Contratación da FEMP que se transcribe a continuación, xunto co anexo I "Información sobre los puntos de suministros (CUPS) e Anexo II "Información sobre consumos anuales" asinados polo enxeñeiro técnico industrial interino o día 8 de maio de 2025 (CVD: dCVLkGyise9utUFO9NxQ e CVD: iJOU1HYTDgrg0LrCLumQ, respectivamente ) para que no prazo de 7 días hábiles a contar do seguinte á recepción do requirimento presenten as correspondentes ofertas:

**«DOCUMENTO DE INVITACIÓN PARA LA CONTRATACIÓN DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA EL SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN**

**DESTINATARIAS:**

**IBERDROLA (Lote 1)  
GAS NATURAL (Lote 1)  
ENDESA (Lote 1)**

**N ° DE EXPEDIENTE PLATAFORMA: ----**

**N ° DE EXPEDIENTE INTERNO: 2024/C005/000012**

La FEMP, a través de su Central de Contratación, ha licitado en beneficio de sus asociados el Acuerdo Marco para el suministro de electricidad en alta y baja tensión distribuido por lotes geográficos (el "**Acuerdo Marco**"), con base en unos Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCA) y unos

Pliegos de Prescripciones Técnicas (PPT). Dicho Acuerdo Marco se adjudicó para los Lotes 1, 2 y 3 a ENDESA ENERGÍA S.A. y para los Lotes 1, 2, 3, 4 y 5 a IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. y GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A., con fecha de 2 de agosto de 2024.

El Acuerdo Marco se ha suscrito con las empresas que se detallan a continuación, habiendo sido formalizado en fecha 16 de octubre de 2024, con una vigencia inicial hasta 16 de octubre de 2025, sin perjuicio de las tres prórrogas anuales que pueden ejecutarse:

- **IBERDROLA CLIENTES S.A.U.**, a los lotes 1, 2, 3, 4 y 5
- **GAS NATURAL COMERCIALIZADORA. S.A.**, a los lotes 1, 2, 3, 4 y 5
- **ENDESA ENERGIA S.A.**, a los lotes 1, 2 y 3.

El Ayuntamiento de Cambre, adherido a la Central de Contratación por Resolución de Alcaldía núm. 1950/2018, de 1 de outubro de 2018, ha resuelto iniciar la tramitación del contrato basado en el Acuerdo Marco para el suministro de electricidad en alta y baja tensión de la Central de Contratación de la FEMP (Expediente CC.-02/2024). Su tramitación y posterior ejecución se regirá por lo dispuesto en el PCA y en el PPT que rigen el citado Acuerdo Marco.

Puesto que el Acuerdo Marco se celebra con varios empresarios y no todos los términos están establecidos en el mismo, la adjudicación de los Contratos basados se realizará de acuerdo con lo indicado en la cláusula 21 del PCA. La Entidad Local peticionaria elabora el presente documento de invitación a participar en dicha contratación (en adelante, el “**Documento de Invitación**”) con la siguiente información:

## 1.- ENTIDAD CONTRATANTE

CONCELLO DE CAMBRE (CIF P-1501700-G)

## 2.- OBJETO

Contrato basado para el suministro de electricidad en los puntos de suministro que se detallan en este Documento de Invitación, conforme al detalle del Anexo I.

## 3.- LOTE GEOGRÁFICO DE REFERENCIA

LOTE 1

## 4.- FECHA LÍMITE DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

7 días hábiles

## 5.- IDENTIFICACIÓN DEL SISTEMA DE PRECIOS PARA EL CONTRATO BASADO

| <i>Sistema de precios a elegir</i> | MARCAR CON X |
|------------------------------------|--------------|
| Precio <b><u>FIJO</u></b>          | X            |

## 6.- PLAZO DE DURACIÓN DEL CONTRATO BASADO Y PRÓRROGA (cláusula 21.2 del PCA)

Marcar con X la opción seleccionada:

|                                                                                |          |
|--------------------------------------------------------------------------------|----------|
| Un (1) año para el <b>sistema de precio FIJO</b> (sin posibilidad de prórroga) | <b>X</b> |
|--------------------------------------------------------------------------------|----------|

#### 7.- EJECUCIÓN DEL CONTRATO BASADO (cláusula 21.2 del PCA)

La fecha de inicio del contrato, a efectos del cómputo de la duración del contrato, será la fecha de prestación efectiva del primer suministro efectivo (con al menos un punto de suministro), que en cualquier caso deberá producirse dentro de los treinta (30) días naturales siguientes a la fecha de notificación de la resolución de adjudicación ("**Fecha de Inicio del Contrato**"). El gestor estará obligado a comunicar dicha Fecha de Inicio del Contrato al responsable del contrato.

#### 8.- TASA DE OCUPACIÓN DEL DOMINIO PÚBLICO (cláusula 21.3 del PCA)

La empresa adjudicataria del Contrato basado deberá asumir la tasa de ocupación del dominio público, en ejecución de dicho Contrato.

#### 9.- GARANTÍA DEFINITIVA

No exigible de conformidad con la cláusula 21.13 del PCA.

#### 10.- SISTEMA DE FACTURACIÓN (cláusula 6.2. del PPT y 21.1.A del PCA)

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | MARCAR<br>CON X |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| La empresa adjudicataria emitirá una factura por cada punto de suministro correspondiente al 100% del consumo producido en el mes natural o, en su defecto, en el ciclo de lectura correspondiente. Además, se suministrará adicionalmente un documento resumen en el que se deberá incluir la información de las facturas de forma agrupada para el conjunto de puntos de suministro contratados. | <b>X</b>        |

#### 11.- PAGO DEL SUMINISTRO

De conformidad con la cláusula 21.6 del PCA.

#### 12.- CONDICIÓN ESPECIAL DE EJECUCIÓN (cláusula 21.5 del PCA)

Con el objeto de favorecer la contratación de calidad, de acuerdo con el artículo 202 de la LCSP y en persecución del objetivo previsto en el artículo 88 de la Ley 2/2011, de 4 de marzo, de Economía sostenible, la adjudicataria del Contrato basado deberá cumplir con la siguiente condición especial de ejecución en los términos que se indican a continuación:

|                                                                   |                                           |
|-------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------|
| CONDICIONES ESPECIALES DE EJECUCIÓN DE CARÁCTER<br>MEDIOAMBIENTAL | Marcar con X<br>UNA de las<br>siguientes: |
|-------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------|

|                                                                                                                                                                                                                    |   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|
| 1) Prestación de forma gratuita de un servicio de <u>asesoramiento de reajuste de los términos de potencia de los puntos de suministro objeto del Contrato basado a suscribir por cada “Entidad contratante”</u> . | X |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|

### 13.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DE LAS OFERTAS (cláusula 21.B del PCA)

Precio ofertado €/kWh para cada Tarifa según opción:

#### a) CONSUMOS

Una vez obtenidas las ofertas en la modalidad de precio solicitada a través de la Plataforma informática de la Central, la “Entidad Contratante” procederá a valorar las ofertas conforme al criterio de valoración que se indique a continuación:

|                                                                                                                                                                                                   |   |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|
| <b>A) VALORACIÓN POR CONSUMOS ESTIMADOS ANUALES (Criterio preferente):</b><br>Oferta por consumos estimados anuales agrupados por tarifas conforme al <b>Anexo II</b> al Documento de Invitación. | X |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|

### 14.- PRESUPUESTO ANUAL DE LICITACIÓN (SIN IVA)

661.134,46 €

### 15.- VALOR ESTIMADO DE LICITACIÓN (SIN IVA)

661.134,46 €

### 16.- IMPORTE DEL IVA ANUAL

138.838,24 €

### 17.- REVISIÓN DE PRECIOS

Conforme a la cláusula 21.2 del PCA.

### 18.- PENALIDADES

Según lo dispuesto en las cláusulas 18 y 21.9 del PCA.

### 19.- RESOLUCIÓN DEL CONTRATO BASADO

De conformidad con la cláusula 21.10 del PCA.

### 20.- CESIÓN Y SUBCONTRATACIÓN

De conformidad con la cláusula 21.12 del PCA.

### 21.- OFICINA DONDE SE PUEDE CONSULTAR EL EXPEDIENTE Y OBTENER LA DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

Dependencia: CONCELLO DE CAMBRE  
Dirección: Adro 1, 15660 CAMBRE (A CORUÑA)  
Teléfono: 981 613 128  
Fax: 981 675 969  
Correo electrónico: [cambre@cambre.org](mailto:cambre@cambre.org)

## 22.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Lugar: A través de la Plataforma de la Central de Contratación de la FEMP.

## 23.- IDENTIFICACIÓN DEL RESPONSABLE DEL CONTRATO

De conformidad con la cláusula 21.4 del PCA se nombra como responsable del contrato al Ingeniero Técnico Industrial, don Ignacio Fernández Díaz.

Le invitamos a que nos envíe, en el plazo indicado, su oferta, como queda recogido en la cláusula 21 del PCA a través del Portal del Licitador de la Plataforma informática de la Central de Contratación de la FEMP.

Lo que comunico a los efectos oportunos.»

**Quinto.-** Designar como responsable do contrato ao enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 23 de maio de 2025 (CVD: dZdGLI/hXIR1ThexjY9K), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 16 ao 22 de maio de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 461/2025 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 481/2025, segundo se relacionan a continuación:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto                                                                                                                                                                                                                                                     |
|------------|---------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 461/2025   | 16-05-2025    | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de maio de 2025                                                                                                                                                                       |
| 462/2025   | 16-05-2025    | Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local                                                                                                                                                                                                            |
| 463/2025   | 16-05-2025    | Declarar a renuncia de GL, SL á licenza de vao permanente, concedida por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 11 de xaneiro de 2018 para o acceso ao local situado na rúa Curros Enríquez, parroquia do |



|          |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|----------|------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|          |            | Temple                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| 464/2025 | 16-05-2025 | Autorizar ao titular da licenza de taxi número 7 a substituír o vehículo co que presta servizo, marca Volkswagen Golf, matricula 8307 JHT, por outro de nova adquisición, marca KIA Niro, matricula 6705 MZN. Solicitante: MJGF                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| 465/2025 | 16-05-2025 | Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida por acordo da Comisión de Goberno de data 30 de abril de 1990 a LSR para o acceso ao garaxe do edificio situado na rúa Tapia, parroquia do Temple, a prol da comunidade de propietarios garaxe rúa Profesor Monasterio 1                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| 466/2025 | 16-05-2025 | Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida por acordo da Comisión de Goberno de data 30 de abril de 1990 a LSR para o acceso ao garaxe do edificio situado na rúa Profesor Monasterio, parroquia do Temple, a prol da Comunidade de Propietarios garaxe rúa Profesor Monasterio 1                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| 467/2025 | 16-05-2025 | Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de marzo de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos gastos e o seu pagamento por importe total 78.897,38 €. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de marzo de 2025 por importe de 20.130,92 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, do recargo de cuota da seguridade social do mes de marzo polo seu ingreso fora do prazo regulamentario, por importe de 19,63 euros |
| 468/2025 | 16-05-2025 | Iniciar expediente de orde de execución a MJRS e aos herdeiros de RP-SR para a poda e roza da vexetación existente na finca sita na estrada de Cambre –Temple, que está a invadir a beirarrúa na marxe da estrada (DP-1706) e afecta a infraestruturas de iluminación pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| 469/2025 | 16-05-2025 | Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 3 de febreiro de 2017 a EDeSL SLu e ME&E SL, para o acceso ao almacén de material deportivo e de animación situado no Paseo dos Templarios, parroquia do Temple, a prol de ME &E SL                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| 470/2025 | 16-05-2025 | Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto é o “Servizo de docencia para impartir tres edicións do módulo transversal de “Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero” e “Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica”, dentro da formación do Plan formativo para o Emprego. (Plan AFD 2024/25). Adxudicar o contrato menor á empresaria individual dona M <sup>a</sup> Luisa Lobelos Insua, por importe de 2.160,00 euros (exento de IVE segundo o establecido no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro                         |
| 471/2025 | 16-05-2025 | Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto é o “Servizo de docencia para impartir dúas edicións do módulo transversal de “Nivel básico de Prevención de Riscos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |



|          |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|----------|------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|          |            | Laborais", dentro da formación do Plan formativo para o Emprego. (Plan AFD 2024/25). Adxudicar o contrato menor á empresaria individual dona Fátima Casal Taboada, , no importe de 5.280,00 euros (exento de IVE segundo o establecido no artigo 20 da Lei 37/1992, de 28 de decembro                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| 472/2025 | 19-05-2025 | Nomear como persoal eventual a M <sup>a</sup> LF para o desempeño do posto de traballo de asesora de Servizos Sociais e Recursos Humanos cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia                                                                                                                                                                                                                           |
| 473/2025 | 19-05-2025 | Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 1 metro lineal para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Barbaín, parroquia de Sta. María de Vigo. Solicitante: UFD, DE, SA.                                                                                                                                                                                                                                                                |
| 474/2025 | 19-05-2025 | Declarar a renuncia de J, SL á licenza de vao laboral, concedida por resolución da Alcaldía do día 22 de xaneiro de 2010 a J, SL para o acceso ás instalacións que a dita empresa ten na rúa Río Mandeo, parroquia de Cambre                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| 475/2025 | 19-05-2025 | Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 22 de maio de 2025, ás 11:00 horas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| 476/2025 | 19-05-2025 | Adxudicar ao Banco Santander SA, , a colocación de 22.000.000 euros a un 2,112% nominal de xuro, por un período de 3 meses, sen comisións nin gastos pola operación, nin penalización por dispoñibilidade anticipada, establecéndose que se o día do vencemento fose inhábil, tomarase como data de vencemento o seguinte día hábil                                                                                                                                                                                                                                                      |
| 477/2025 | 20-05-2025 | Expedientes sancionadores de tráfico                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| 478/2025 | 20-05-2025 | Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de abril de 2025 por importe de 59.879,45 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 59.879,45 euros                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| 479/2025 | 20-05-2025 | Dar acceso a MDPL, voceira de UxC, ao seguintes expedientes de contratación de obras do POS: mantemento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre e outros; teforma integral da praza Fernando Buesa – O Temple, Cambre; mellora funcional do espazo libre/zona verde no entorno da rúa Polígono; reforma do parque infantil situado na rúa Francisco Rodríguez; mellora da pista municipal do Temple, Cambre; proxecto técnico para pavimentación de beirarrúas na rúa Río Gándara da Barcala; rehabilitación do pavimento na pista polideportiva "A Balastreira", Cambre |
| 480/2025 | 20-05-2025 | Aprobar a lista definitiva de admitidos/as-excluídos/as no proceso de selección para a contratación de tres traballadores/as ao abeiro do programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais - Programa PEL Concellos 2025                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| 481/2025 | 21-05-2025 | Aprobar o expediente de modificación de créditos por transferencia                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |

|  |  |                                                      |
|--|--|------------------------------------------------------|
|  |  | de crédito número 3/2025 e por importe de 61.960,62€ |
|--|--|------------------------------------------------------|

## **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo